

En Boiro, sendo as 16:20 horas do 22 de marzo de 2023, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede da acta anterior
2. Oferta educativa de centro
3. Información Programacións Didácticas
4. Rogos e preguntas

1. Aprobación, se procede da acta anterior.

María Ana Domínguez, directora do IES, sinala que a acta como é costume, atópase dispoñible na páxina web para súa lectura, ademais foi enviada por correo xunto coa convocatoria. Apróbase a mesma por unanimidade.

2. Oferta educativa de centro

María Ana, explica a oferta educativa para o vindeiro curso 2023-2024.

Incorpóranse á LOMLOE os cursos pares da ESO e o Bacharelato.

María Ana explica que nas optativas de 3º ESO e 4º ESO atópanse as materias de Oratoria e Cultura Clásica, pero solo poden ser cursadas unha vez polo alumnado; polo que o centro ofertará Oratoria en 3º ESO e Cultura Clásica en 4º ESO para os anos vindeiros.

O alumnado que xa cursou Cultura Clásica en 3º ESO non pode coller o vindeiro curso esta materia.

María Ana, explica como quedarían as materias de 4º ESO:

Xeografía e Historia Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Educación física Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)		
Itinerario 1 Bioloxía e Xeoloxía Física e Química	Itinerario 2 Economía e Emprendemento Latín	Itinerario 3 Educación Dixital Formación e Orientación Persoal e Profesional
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (Cursaranse dúas. Indicar cun 1,2,3 por orde de preferencia cales se prefiren cursar) Tecnoloxía Expresión Artística Música Filosofía* Segunda Lingua Estranxeira (Francés) Cultura Clásica* *Só se pode elixir unha materia destas dúas		
Opción 1 Matemáticas A		Matemáticas B
Opción 2 Relixión		Proxecto Competencial



María Ana explica que a oferta educativa de 1º de Bacharelato e de 2º de Bacharelato, quedarían da seguinte forma:

Materias Comúns		
Lingua Galega e Literatura I Lingua Castelá e Literatura I 1ª Lingua Estranxeira I Inglés I Filosofía Educación Física		
Modalidade de Ciencia e Tecnoloxía	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	
Matemáticas I [4]	Humanidades Latín I [4]	Ciencias Sociais Matemáticas Aplicadas ás CCSS I [4]
Escooller DÚAS – Física e Química [4] – Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais [4] – Debuxo Técnico I [4] – Tecnoloxía e Enxeñaría I [4]	– Historia do Mundo Contemporáneo [4] – Grego I [4]	– Historia do Mundo Contemporáneo [4] – Economía [4]
Escoller UNHA materia optativa entre as seguintes (todas son 4 horas / semana): Tecnoloxía e Enxeñaría I Debuxo Técnico I Literatura Universal Anatomía Aplicada Cultura Científica Antropoloxía 2ª Lingua Estranxeira: Francés Literatura Galega do S.XX e a Actualidade Tecnoloxías da Información e Comunicación I		
Escoller UNHA Materia entre as dúas seguintes (1 hora á semana) Relixión Disposición do Centro (Reforzo na elaboración de Comentarios de Texto)		

Materias Comúns			
Lingua Galega e Literatura II Lingua Castelá e Literatura II 1ª Lingua Estranxeira II Inglés Historia da Filosofía Historia de España			
Modalidade de Ciencia e Tecnoloxía		Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	
Matemáticas II [4]		Humanidades Latín II [4]	Ciencias Sociais Matemáticas Aplicadas ás CCSS II [4]
*Elexir materias dentro dun dos bloques			
BLOQUE 1	BLOQUE 2	– Grego II [4]	– Economía e Deseño de Modelos de Negocios [4]
Escoller DÚAS – Física [4] – Debuxo Técnico II – Tecnoloxía e Enxeñaría I [4]	Escoller DÚAS – Química [4] – Bioloxía – Xeoloxía e Ciencias Ambientais [4]	Escoller UNHA – Historia da Arte [4] – Xeografía [4]	Escoller UNHA – Historia da Arte [4] – Xeografía [4]
Escoller UNHA materia optativa entre as seguintes (todas son 4 horas / semana):			
Métodos Estatísticos e Numéricos			
Psicoloxía			
Patrimonio e Sociedade de Galicia			
2ª Lingua Estranxeira: Francés			
Tecnoloxías da Información e Comunicación II			

En 1º de Bacharelato a Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais ofertarase igual que este curso. No itinerario de Ciencias e Tecnoloxía o alumnado debe coller dúas materias dun total de 4 materias ofertadas nese bloque.

Ademais escollerase unha materia optativa de catro horas dun total de 9 ofertadas

En 2º de Bacharelato na Modalidade de Ciencia e Tecnoloxía o alumnado debe escoller 2 materias dentro dun dos bloques. Na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais o alumnado debe escoller unha entre Historia da Arte ou Xeografía.

Ademais escollerase unha materia optativa de catro horas dun total de 5 ofertadas.

3.- Información Programacións Didácticas

Maria Ana informa das indicacións e recomendacións que se achegan dende Inspección con respecto ás programacións do actual curso.

Cada xefe/a de Departamento informará aos seus membros sobre estas recomendacións.

4.- Rogos e preguntas

Non se formulan

A DIRECTORA

A SECRETARIA


Asdo.: María Ana Domínguez Pérez


Asdo.: Raquel García Couto

Ausentes:

- Álvarez Vidal, Marta
- Busto Lobato, Carlos
- Castro Castro, Anton
- Chouza Blanco, Carlos Javier
- Sequedo Castro, Ana María